



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 6

IX lexislatura

Serie Deputación Permanente

Sesión da Deputación Permanente 27 de agosto de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único: Convocatoria dun Pleno extraordinario

Solicitude, por iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente co fin de que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para tramitar a comparecencia urxente do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta das actuacións que ten previsto emprender o Goberno galego para garantir a construción do dique flotante na ría de Ferrol e cumprir cos compromisos adquiridos tanto social como institucionalmente co sector naval e coa comarca de Ferrol (doc. núm. 25856; 09/SCDP-000011)

Ábrese a sesión á unha e dous minutos da tarde.

A señora presidenta solicítalle á señora secretaria (Soneira Tajés) que proceda á comprobación dos asistentes. (Páx. 3.)

A señora secretaria le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. A continuación comunícalle á señora presidenta a existencia de quórum. (Páx. 3.)

Solicitude, por iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente co fin de que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para tramitar a comparecencia urxente do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta das actuacións que ten previsto emprender o Goberno galego para garantir a construción do dique flotante na ría de Ferrol e cumprir cos compromisos adquiridos tanto social como institucionalmente co sector naval e coa comarca de Ferrol. (Punto único da orde do día.)

A señora presidenta procede a informar aos grupos propoñentes do tempo de que dispoñen para as súas intervencións. (Páx. 3.)

Intervención dos grupos propoñentes: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 3.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 7.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 8.)

Rolda de peche dos grupos propoñentes: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 11.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 11.)

A señora presidenta somete a votación a solicitude formulada. (Páx. 12.)

*Votación da solicitude, por iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente co fin de que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para tramitar a comparecencia urxente do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta das actuacións que ten previsto emprender o Goberno galego para garantir a construción do dique flotante na ría de Ferrol e cumprir cos compromisos adquiridos tanto social como institucionalmente co sector naval e coa comarca de Ferrol: *rexeitada por 9 votos a favor, 9 e 11 en contra.* (Páx. 12.)*

Remata a sesión á unha e corenta e seis minutos da tarde.

Ábrese a sesión á unha e dous minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Bos días.

Imos dar comezo a esta reunión da Deputación Permanente.

Ábrese a sesión.

Pídlle, por favor, á secretaria, señora Soneira Tajés, que proceda á comprobación de asistencias, con indicación das substitucións que se deron.

A señora SECRETARIA (Soneira Tajés):

José Manuel Balseiro Orol: Si.

Xosé Manuel Beiras Torrado (*substituído por José Javier Ron Fernández*).

María Concepción Burgo López (*substituída por Manuel Vázquez Fernández*).

Jaime Castiñeira Broz: Si.

Yolanda Díaz Pérez: Si.

María Carmen Gallego Calvar: Si.

Juan Carlos González Santín (*substituído por Pablo García García*).

Carmen Iglesias Sueiro (*escusa a súa asistencia*).

Francisco Xesús Jorquera Caselas: Si.

José Luis Méndez Romeu: Si.

Alberto Núñez Feijóo (*substituído por Gonzalo Trenor López*).

Ana Belén Pontón Mondelo (*substituída por María do Carme Adán Villamarín*).

Paula Prado del Río: Si.

Pedro Puy Fraga: Si.

Marta Rodríguez Arias (*substituída por Antonio Mourinho Villar*).

Román Rodríguez González: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (*substituído por José Santiago Freire Abeijón*).

Miguel Ángel Tellado Filgueira: Si.

Jesús Vázquez Abad (*substituído por Cristina Romero Fernández*).

A Mesa está completa.

Hai quórum, señora presidenta.

Punto único: Convocatoria dun Pleno extraordinario.

Solicitude, por iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente co fin de que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para tramitar a comparecencia urxente do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta das actuacións que ten previsto emprender o Goberno galego para garantir a construción do dique flotante na ría de Ferrol e cumprir cos compromisos adquiridos tanto social como institucionalmente co sector naval e coa comarca de Ferrol

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Comezamos entón co desenvolvemento da orde do día, que, como as súas señorías saben, contén un punto único.

Coido que non teño que explicar a ordenación do debate, unicamente recordar aos grupos proponentes que, dado que son dous, o tempo dos grupos proponentes, que é de dez minutos, se repartirá entre ambos os dous. Polo tanto, cinco minutos para cada un dos grupos e ao final haberá a votación da solicitude de convocatoria do Pleno extraordinario.

Polo tanto, en primeiro lugar ten a palabra, en representación do Bloque Nacionalista Galego, o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Si, señora presidenta.

En primeiro lugar, pido un pouco de transixencia, dado que os grupos parlamentares teñen para fixar a posición dez minutos, e é inaudito que polo feito de que sexamos coasiantes ao final teñamos nada máis que cinco. Entón, pídlle un pouco de flexibilidade.

Ben, señora presidenta, centrándome xa no debate, o pasado 5 de agosto coñeciamos que a Dirección Xeral de Competencia da Unión Europea respondía negativamente á consulta realizada polo Goberno español sobre a construción do dique flotante na ría de Ferrol. Un día despois os grupos parlamentares de AGE e do BNG asinabamos esta solicitude para que houbera un Pleno extraordinario e compareza o presidente da Xunta de Galiza para explicar que actuacións

ten previsto emprender ante esta situación, e tivemos que esperar vinte días –cando agosto xa está a piques de rematar– para que se reúna esta Deputación Permanente e, polo tanto, poida pronunciarse sobre esta solicitude.

Creo que é toda unha demostración da falla de vontade política do Partido Popular para cumprir cos compromisos adquiridos co sector naval e coa comarca de Ferrol, e creo que é todo un anticipo de que as accións que vai emprender o presidente da Xunta nesta cuestión son iguais a cero.

E por se houbese algunha dúbida, preocupouse de despedaxala o conselleiro de Economía e Industria. Non pasaran nin vinte e catro horas despois de coñecer a resposta de Bruxelas para que dese por enterrado o dique dicindo que *“la responsabilidad llama a que no se ponga en marcha”*. E nós dicimos todo o contrario, señores do Partido Popular, nós dicimos que a responsabilidade con Ferrolterra, que a responsabilidade co sector naval galego, chama a seguir batallando polo dique flotante, porque negamos a maior, non estamos ante unha cuestión técnica nin ante unha cuestión xurídica, estamos ante unha cuestión política, e o problema é que nin a Xunta nin o Goberno central teñen vontade política de que o dique flotante se faga realidade.

Limitáronse a xogar coa desesperación da comarca facendo falsas promesas e logo, como fan sempre, a tirar balóns fóra para eludir as súas responsabilidades utilizando a Unión Europea como coartada. E a proba son as présas por dar carpetazo a esta demanda cando estamos só ante unha consulta informal, cando a negativa de Bruxelas non é definitiva e se fundamenta só no modelo de financiamento desta infraestrutura plantexado polo Goberno. E cando o problema é ademais que a consulta estivo mal formulada.

Miren, o único que lle faltou ao Goberno español foi formular a consulta a Bruxelas nestes termos: *“¿verdad que non se puede construir en Ferrol un dique flotante porque podría conllevar la concesión de ayudas públicas y contravienen las normas europeas de libre competencia?”* O único que lle faltou foi formular a consulta nestes termos.

Mire, esta mesma semana, sen ir máis lonxe, o Partido Popular tivo unha excelente oportunidade de desmentir o que estou dicindo, de demostrar que existía e existe vontade real de dotar os estaleiros de Ferrol dun dique flotante. Pui-

deron incluír esta cuestión na axenda da reunión coa señora Merkel, e o señor Rajoy, en vez de preocuparse de colocar o señor De Guindos e o señor Cañete, en vez de preocuparse de recadar o apoio da Merkel na súa cruzada contra Cataluña, puido introducir na axenda esta cuestión, e a Xunta de Galiza, en vez de preocuparse de ensinarlle o botafumeiro á señora Merkel e en vez de desbrozar o camiño a partir de Pedrouzos para que a señora Merkel non enfocinase, puido centrar os seus esforzos en exixir que se abordase esta cuestión. Pero non, o único que lles preocupa é botar aos outros as culpas en vez de defender os intereses do país.

Estamos fartos xa de que en Galicia se apliquen as normas da Unión Europea como a lei do embudo, reservando para Galiza sempre a parte estreita, ¿non pode haber axudas públicas?, ¿acaso non foron axudas públicas os centos de miles de millóns de euros destinados a sanear a banca privada?, ¿acaso non son axudas públicas as que se destinaron ao sector do automóbil?, ¿acaso non o foron os miles de millóns de euros que destinou Alemaña a asegurar a pervivencia da Opel?

Pero mire, se nos centramos no sector naval, ¿non saben o Goberno galego e o español que a Unión Europea autorizou axudas públicas a Polonia por importe de 251 millóns de euros para os estaleiros de Gdańsk, ¿non sabe que tamén autorizou a Polonia a condonación de débedas por un total de 2.000 millóns de euros no proceso de privatización doutros estaleiros?

A Dirección Xeral da Competencia da Unión Europea di que *“resulta llamativo que la operación no parezca factible sin la presencia de un significativo apoyo público, preferentemente bajo la modalidad de financiación privilegiada”*. E eu pregunto, ¿acaso as condicións de financiamento das empresas están homologadas no ámbito da Unión Europea?, ¿acaso as empresas galegas teñen as mesmas facilidades de acceso a crédito e nas mesmas condicións que as empresas en Alemaña?, ¿acaso Francia e Noruega non teñen bonificacións fiscais de entre o 22 % e o 24 % para o seu sector naval?, ¿Holanda de ata un 40 %? ¿Como pode falarse de financiamento privilexiado?

E o problema é que vostedes non defenden os intereses do país ante a Unión Europea, están na Unión Europea de súbditos e de papanatas, e utilizan sempre Galiza como

moeda de cambio. Porque ademais, dado que se apela ás normas europeas da libre competencia, permítanme que lea o artigo 107.3, apartado a), do Tratado de funcionamento da Unión Europea: “Poderán considerarse compatibles co mercado interior as axudas destinadas a favorecer o desenvolvemento económico de rexións nas que o nivel de vida sexa normalmente baixo ou nas que exista unha grave situación de subemprego”. E o BNG pregunta, ¿non é esta a situación de Ferrolterra? Unha comarca castigada pola pobreza, polo desemprego, pola emigración; unha comarca que ten unha alta dependencia da construción naval. A taxa de paro en Ferrol está situada no 32 %, dez puntos máis que a media galega. Nos últimos anos perdéronse máis de 2.300 empregos no sector naval. A poboación activa en Ferrol xa representa menos da metade da poboación total. Só ten traballo un de cada tres habitantes.

¿Esta situación non se adapta ás excepcións contempladas no artigo 107?, ¿apelou o Goberno español a esta consideración?, ¿realizou a Xunta de Galiza algunha actuación directa ante a Comisión para defender a oportunidade e necesidade deste proxecto?

E xa conclúo. A Comisión deriva a responsabilidade do Goberno do Estado de estruturar o proxecto para adecualo á normativa de competencia. ¿Por que entón a Xunta pretende dar carpetazo ao dique dicindo que: “*la responsabilidad llama a que no se ponga en marcha*”? ¿Por que segue sen desenvolver a Lei do sector naval de Galiza? ¿Que está facendo a Xunta para adecuar os estaleiros da ría de Ferrol ao novo escenario de vencemento do veto no vindeiro ano 2015? Para debater estas cuestións é polo que solicitamos a convocatoria urxente dun Pleno extraordinario.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora dona Yolanda Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Sen lugar a dúbidas, as formas son importantes en política, claro que si, e os tempos tamén son importantes en política, e é certo que teñen pasado vinte días desde que instamos esta petición de reunión da Deputación Permanente, e é certo tamén que dende Alternativa Galega de Esquerda pediamos, en canto coñecemos que ía visitarnos a chanceler Angela Merkel no noso país, que se incluíra na axenda, como punto central do debate do señor Rajoy, do señor Feijóo, do señor ex conselleiro de Infraestruturas, o alcalde actual da cidade de Compostela, que fora tratada esta cuestión de maneira central.

Esta foi a resposta que o Partido Popular lle deu á comarca de Ferrolterra, pero tamén ao sector naval público do noso país. A resposta foi non. Non nos interesa nada o que lle pasa ao sector naval, e non soamente non nos interesa senón que estamos de acordo, como dixo o señor Conde, en non construír esa maldita infraestrutura, que se estaba convertendo nun auténtico pesadelo para o Partido Popular, un auténtico pesadelo, e é que non había xa máis escusas, non había máis trampas.

Como dixeron moi ben os sindicatos de clase da comarca de Ferrolterra esta foi a saída buscada pola Xunta de Galicia e polo Goberno central para ter un argumentario e non construír o dique flotante en Navantia-Fene e Navantia-Ferrol. Esta foi a escusa perfecta, só así se explica que en escasas horas o responsable de economía e industria do noso país saíra rapidamente apelando á responsabilidade para desmentir o que teñen prometido, que era a construción do dique flotante, e mesmo para sacarlle as cores a ese orzamento, tamén maldito e fallido, que foi a consignación, en dous exercicios orzamentarios, de senllas partidas, bastante escasas, de 5 millóns de euros para a construción do dique flotante. ¡O desleixo absoluto!

Pero o grave de todo isto, e sumando os datos que xa deu o compañeiro Jorquera, quero dar un dato que é aterrador, e é que ademais do 33 % de desemprego no noso país, son máis de 5.000 as persoas –perdón, de Ferrolterra– que non teñen xa ningún tipo de cobertura de prestación social na comarca de Ferrolterra. Son persoas que están nas ringleiras das ONGD, que non teñen para darlles de comer aos seus fillos.

Pero non soamente iso, é que me gustaría que viran, por puro interese, a curva descendente –se lle interesa ao Parti-

do Popular– do Instituto Nacional de Estatística da perda de poboación da comarca e da cidade de Ferrol. En quince anos, 11.000 persoas abandonaron, segundo este instituto, a nosa cidade.

Pero non soamente estes datos, que de por si son aterradores, é que xa neste tempo, en tres anos, perdemos –como están reflectindo todos os días os sindicatos– máis de 4.000 postos de traballo na comarca de Ferrolterra. Pero o grave de todo isto é que cando o Partido Popular de Galicia e o Partido Popular de España renuncian á construción do dique flotante en Ferrolterra, ao que están renunciando é a favor doutra unidade produtiva para construír esta infraestrutura, e tamén renunciando –é peor– a favor doutro estado para fomentar a área de reparacións noutro sitio.

E hai que falar claro, a construción do dique flotante podería permitir que duplicásemos a área de reparacións ata chegar a un total de 120 buques ao ano na nosa Navantia-Fene e Navantia-Ferrol, o dobre do que estamos a facer.

Pero non soamente iso, é que a apertura do canal de Panamá e as esixencias do mercado mundial permitiríannos que pasáramos a construír e a reparar buques de manga superior a 65 metros, como están esixindo, como están permitindo noutros países e noutros lugares. A posibilidade que ten Navantia-Ferrol é exactamente de 51 metros, non podemos pasar a reparar gaseiros ou buques dunha manga superior a estes 51 metros, como estamos a sinalar.

E o que é máis grave todavía, é que o 70 % dos contratos que acada Navantia-Fene e Navantia-Ferrol veñen directamente para a área de reparacións. Polo tanto, a pregunta que lle formulamos ao Partido Popular é clara: primeiro, ¿que vai pasar coa área de reparacións do sector naval público galego segundo o Partido Popular?, ¿que teñen previsto facer?

E en segundo lugar, ¿que vai pasar con carenas en Navantia? Queremos saber, os traballadores e traballadoras que están traballando queren saber que é o que vai pasar, queren ademais que con urxencia, non entenden que como xa *per se* o presidente da Xunta de Galicia non ten comparecido *motu proprio* para defender un dos sectores principais dos motores máis importantes que ten a economía do noso país, que é o sector naval público. Non entenden por que xa

per se non se fai por parte do señor presidente da Xunta de Galicia.

O único que entenden é que realmente esta foi, efectivamente, a saída buscada polo PPdeG e polo Partido Popular de Madrid, de España, para sacarse esta lousa de enriba e dunha vez por todas renunciar a un sector naval, estratéxico no noso país, pero o máis grave: renunciar á área de reparacións de carenas no noso país.

E tamén queremos aproveitar para que nos diga o Partido Popular, ademais da área de reparacións –e corto xa, señora presidenta–, ¿que vai ser, cal é a folla de ruta do Plan industrial de Navantia-Fene e Ferrol no futuro?, porque queremos sabelo, porque a xente non ten para comer na comarca de Ferrolterra, porque hai convulsión social e porque o outono, a pesar do Partido Popular, vai ser quente.

E dunha vez por todas, rectifiquen, dean a cara na comarca de Ferrolterra e vaian alí dicirlles que todo o que prometeron en campaña electoral, todo o que nos teñen dito ata agora nas comparecencias do señor Conde, foi unha auténtica mentira para facer o que sempre fan, acadar votos mentireiros, para conseguir que comarcas deprimidas, dende logo, obteñan o que doutra maneira non obterían.

E sen ler xa o precepto, o apartado 3 do artigo 107 do Tratado de funcionamento –señora presidenta, remato de verdade–, tamén invocamos o apartado 2, porque fala de situacións excepcionais. Estes dous apartados, o 107.2 e o 107.3, foron aducidos recentemente por Francia para defender o seu sector de automoción, ¿por que serve invocar estas excepcións para Francia e non serve para Galicia e para España?

Queremos que nos dean unha pronta resposta, e esperamos ademais que o Partido Popular diga si a que compareza o señor presidente da Xunta para defender a área de reparacións e carenas na comarca de Ferrolterra.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

En representación do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Grazas, señora presidenta.

Asistimos hoxe á culminación dun debate que se inicia –como tantas veces, desgraciadamente, neste país– nunha falsa promesa do presidente da Xunta de Galicia. Unha promesa que se formula durante un período electoral e que logo ten o seu traslado a este Parlamento precisamente a medio dunha emenda que presenta o Grupo Socialista aos orzamentos, que o Goberno admite e sobre a que non fai absolutamente nada, agás manobras dilatorias. Porque non se pode cualificar doutro xeito o tempo que dedica a Navantia, a través de varias comisións, ao estudo deste asunto ou ao procedemento de consultas elevado a Bruxelas, en troques dun verdadeiro compromiso firme do Goberno de Galicia, que debería ter producido a estas alturas non soamente un proxecto técnico sobre ese dique flotante tan necesario, senón tamén unha proposta sobre o seu financiamento e, sobre todo, sobre o encaixe das axudas comunitarias que agora se cuestionan.

É certo que isto o debatemos hoxe, precisamente, cando se coñecen datos relevantes da situación económica do país, unha situación económica na que o número de persoas cotizantes é practicamente igual xa ao número de persoas perceptoras de subsidios, de axudas, ben do réxime de pensións ou ben do réxime de desemprego.

É, polo tanto, unha situación que cuestiona fondamente o rumbo da política económica do Goberno de Galicia, o fracaso da política económica do Estado e, dende logo, a propia viabilidade dun país, tan dependente, no que soamente unha de cada tres persoas está en condicións de crear riqueza. E todo isto, tamén, cando temos frescos os datos de Ferrol e da súa comarca que se lembraban hai pouco na intervención anterior, e que son, mesmo dentro de Galicia, os peores en termos de emprego, os peores en termos de dependencia.

E diante desa situación queda en evidencia que nin a política territorial do Goberno de Galicia, nin a política industrial, nin sequera a política demográfica, se é que existe, teñen producido ningún efecto positivo.

E claro, asistimos tamén a este debate cando nesta mesma semana se producía un encontro en Galicia entre o representante do Goberno do Estado –o presidente do

Goberno– e a presidenta chanceler alemá, supoñemos que para falar de algo máis relevante do que se ten ata agora traducido aos medios de comunicación, e onde o Goberno galego foi convidado de pedra, non só fisicamente senón, sobre todo, na axenda dos problemas coñecidos. ¿Ou é que o señor presidente do Estado non tivo ningún interese en trasladar á chanceler alemá, tan influente nas decisións comunitarias, as necesidades de reindustrialización e, especificamente, da empresa Navantia, e do posible veto de Bruxelas? ¿Ou é que o señor Núñez Feijóo non ten acceso ao señor Rajoy, alén de facer a reverencia oportuna no momento do saúdo, para trasladarlle cales son os problemas reais?

¿Sábese dalgunha xestión desenvolta polo Goberno galego diante das autoridades de Bruxelas no último mes? O único que se sabe ata agora é o longo período de vacacións do Goberno galego. ¿Sábese dalgunha xestión do Goberno de España en Bruxelas durante o último mes diante destes acontecementos? ¿Sábese de algo que fixera o Ministerio de Industria distinto de empuxar a implantación do *fracking* ou distinto de rematar definitivamente co sector eólico galego? ¿Onde estaba o Goberno galego e o seu presidente demandando do Executivo español, demandando fisicamente en Bruxelas e demandando neste cumio da pasada fin de semana solución e resposta para os problemas do país?

E claro, non valen a estas alturas explicacións puerís. Xa sabemos que o comisario da Competencia non é do agrado do Grupo Popular, pero se todo o problema que existe arredor dos problemas da competencia se van solventar coa substitución do titular desa comisaría, podemos ter a razoable esperanza de que de aquí a dous meses todos os problemas de Galicia derivados desa dirección xeral terán unha pronta resposta. ¿Realmente pode ser esa unha liña argumental defendible por un Goberno que pretende ser solvente?

Señorías, o certo é que temos que poñer de manifesto que en Europa, cunha maioría de estados con gobernos conservadores, a voz do Goberno español, se é que foi enunciada neste tema, foi inatendida, e non temos constancia de que o Goberno de Galicia fixera ningunha xestión para cambiar este rumbo da política comunitaria.

Non repetirei agora o que xa foi repetido varias veces sobre o artigo 107 dos tratados, pero si quero expresar que

este grupo vai respaldar esa petición de que compareza o presidente da Xunta de Galicia. Non só porque sería un feito inédito nas lexislaturas populares que o Goberno galego, que o presidente da Xunta tivera a ben comparecer para explicar un problema importante na sociedade ou na economía galega. Así podería deixar por unha vez de exercer de *palmero* do Goberno de España, como repetirá o vindeiro sábado; podería deixar de exercer por un momento de debelador das normas democráticas que rexen a convivencia e podería deixar por un momento de exercer como eximio destrutor do estado de benestar en Galicia e poñer de manifesto que, alomenos sobre un dos principais problemas de emprego e de industrialización que hai en Galicia, o Goberno galego ten interese en debater, ten interese en presentar unha proposta e, sobre todo, ten o obxectivo de conseguir unha solución que permita superar ese dramático problema de desemprego que existe en Ferrol e na súa comarca.

Máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario Popular, don Miguel Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todos.

Señor Méndez, nós non temos nada co señor Almunia. Teño que dicirlle que foi precisamente o Partido Socialista de Vigo quen reprobou, hai hoxe un ano, o señor Almunia por aquilo do *tax lease*. Polo tanto, nós non temos nada contra o señor Almunia, é o seu partido, dende Vigo, o que si ten algo contra o señor Almunia.

En primeiro lugar, queremos reiterar a posición do Grupo Parlamentario Popular en contra da decisión adoptada pola Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea vetando a posibilidade de acometer o proxecto do dique flotante de Ferrol.

Neste sentido, nós o que temos que dicir é que nin o Grupo Parlamentario Popular nin a Xunta de Galicia com-

partimos esa decisión, algo que puxemos de manifesto dende o primeiro momento.

A negativa ao dique flotante non a deu a Xunta de Galicia, non a deu o Goberno de España, a negativa ao proxecto do dique flotante quen a deu foi a Comisión Europea, a Dirección Xeral da Competencia, dirixida por un socialista, polo señor Joaquín Almunia. Nós estamos en contra da decisión, non estamos en contra do señor Almunia; ese é o Partido Socialista de Vigo.

Polo tanto, erran vostedes na dirección das súas críticas e na dirección das súas peticións de comparecencia. Non é o señor presidente da Xunta de Galicia quen ten que comparecer aquí para dar explicacións da negativa; terá que dar explicacións da negativa quen realmente é o responsable desa decisión, e esa persoa depende do Partido Socialista, non depende do Goberno da Xunta nin depende do Goberno de España.

Na nosa opinión, a decisión da Dirección Xeral da Competencia pon de manifesto a total falta de apoio da devandita Dirección Xeral da Competencia ao sector naval galego. E pon de manifesto, ademais, unha dobre vara de medir, porque esa dureza que hai contra o sector naval da ría de Ferrol non se dá, na man do socialista Joaquín Almunia, contra o *tax lease* holandés, denunciado reiteradamente. Aí parece que non hai problema, o señor Almunia non se pronuncia, si se pronuncia contra os intereses da comarca de Ferrol e contra o sector naval galego.

E por este motivo nós lamentamos que os grupos da oposición aproveitaran, nada máis facerse pública a noticia, para cargar contra a Xunta de Galicia e para cargar contra o Goberno de España, para cargar contra unha decisión que non adoptou nin a Xunta nin o Goberno de España. E por ese mesmo motivo piden vostedes a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, equivocándose de forma flagrante.

Equivócanse, primeiro, porque este Goberno é quen máis fixo polo proxecto do dique flotante. E segundo, señor Méndez, que o PSOE non está lexitimado para criticar o Partido Popular en relación coa xestión deste proxecto. Ten que saber que quen primeiro negou a posibilidade de facer o dique flotante foi a señora Elena Salgado, e así o puxo de manifesto no Congreso dos Deputados o 8 de xuño de 2011.

Recoméndolle que acuda ao *Diario de Sesións* do Congreso dos Deputados e verá como a señora Elena Salgado, vicepresidenta segunda do Goberno, o que di é que o dique flotante non se pode facer; é máis, dío sen nin sequera ter feito consulta ante a Comisión Europea da Competencia.

Polo tanto, non é que non se puidera facer, é que o Goberno socialista anterior non o quería facer, esa é a realidade dos feitos.

E en terceiro lugar, non están lexitimados para facer estas críticas porque a situación do sector naval na ría de Ferrol é a herdanza recibida do Goberno socialista, gústelles ou non lles guste. Cinco anos, desde o 2008 ata o 2011 sen conseguir un só contrato para os estaleiros da ría de Ferrol. Esa é a situación.

Non aceptamos as críticas ao Goberno porque este foi o único Goberno que se tomou en serio o proxecto do dique flotante, poñendo en marcha unha comisión técnica para avaliar o proxecto, poñendo en marcha unha comisión económica e unha comisión xurídica para avanzar neste proxecto.

Polo tanto, o non ao dique flotante dáo a Unión Europea, non o dá o PP de Galicia, nin o dá o Goberno de España, nin o dá a Xunta de Galicia. O non ao dique flotante deuno no seu día o Goberno socialista do señor Rodríguez Zapatero e dáo agora o socialista comisario europeo da Competencia.

Esa é a realidade e o demais é tratar de torcer as cousas para buscar responsabilidades onde non as hai. E por iso podemos dicir que ninguén fixo máis por este proxecto do dique flotante que o Partido Popular de Galicia, apoiando, impulsando o proxecto, incluso ofrecendo financiamento nos orzamentos da Xunta de Galicia: cinco millóns de euros.

Do que si estabamos plenamente convencidos dende o Partido Popular antes e despois da decisión do comisario europeo da Competencia é de que sen a autorización da Unión Europea o dique flotante non se podía facer, non se podía acometer, precisamente para evitar sancións como as que inxustamente recibimos no ano 2005 e que supuxeron unha reconversión dramática imposta polo Goberno socialista. que supuxo o despido de 1.400 traballadores dos esta-

leiros da ría de Ferrol, 2.000 indirectos, e a prolongación do veto sobre a antiga Astano ata o ano 2015.

Parécenos ben, señor Jorquera, esta preocupación que senten hoxe polo naval dende o Bloque Nacionalista Galego e tamén nos últimos anos, pero teño que dicirlle que noutros momentos vostedes puideron facer moito máis polo sector naval do que fixeron.

En 2005, mentres o Goberno socialista aprobaba esa reconversión contra os estaleiros da ría de Ferrol, vostedes votaban no Congreso dos Deputados a favor dos orzamentos xerais do Estado; ben puideron condicionar ese apoio ao Goberno socialista a que non se fixera aquela reconversión que nos leva a esta situación.

A vostedes parécenlles moitos días os que teñen transcorrido dende a solicitude desta Deputación Permanente ata o día de hoxe. Vinte días, precisamente, non sei o que lles parecen dezasete días, se é moito ou pouco. Dezasete días foi o que tardou o Goberno bipartito en xullo de 2008 en convocar unha Deputación Permanente solicitada polo Grupo Parlamentario Popular na que se pedía, precisamente, a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a situación da grave crise económica que estaba a sufrir Galicia, esa crise que vostedes negaban dende o Goberno e que nos levou hoxe á situación na que estamos.

¿Molestoulles moito a visita da señora Merkel a Galicia? Nós, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Popular estamos satisfeitos de que Galicia estea no mapa político e de que fose o lugar elixido como protagonista do encontro bilateral entre España e Alemaña. Pero non busquen vostedes na señora Merkel a inimiga do sector naval, o inimigo do sector naval está nesta sala, é o Partido Socialista, sempre que gobernou Ferrol foi castigada cunha reconversión naval. Non busquen vostedes en Alemaña as explicacións que teñen moi cerca. Por certo, mentres iso facía o Goberno socialista, señora Díaz, vostede cogobernaba en Ferrol con ese partido; polo tanto, non entendo moi ben o que din.

Señor Jorquera, vostede bota todas as culpas da situación do naval ao Partido Popular, e creo que se equivoca, polo menos o que temos que pedirlle é que se poñan de acordo dentro do Bloque Nacionalista Galego, e sinto recor-

darlle unha entrevista recente, ademais de decembro de 2013, hai uns meses: “*El ex líder de la UPG, Francisco Rodríguez, culpa a Izquierda Unida y a Comisiones Obreras de la situación actual del naval de Ferrol*”. Póñanse de acordo no Bloque Nacionalista Galego á hora de buscar responsabilidades. Dende logo, o señor Francisco Rodríguez, que creo que é unha persoa importante (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) dentro do seu partido, ten claro cales son as súas responsabilidades, as responsabilidades da situación do sector naval.

Nós do que estamos convencidos é de que Navantia ten que seguir formulando proxectos para incrementar as capacidades e as potencialidades do sector de reparacións, que dende logo é punteiro, e para acadar ese obxectivo Navantia vai seguir contando co apoio da Xunta de Galicia e co apoio do Grupo Parlamentario Popular.

Con respecto ao compromiso con Ferrol, nós o que podemos dicir é que o Goberno da Xunta de Galicia actuou para impulsar un maior esforzo inversor na comarca de Ferrolterra, de aí que nun contexto de contracción orzamentaria Ferrolterra sexa un dos territorios que mantivo un investimento público reforzado grazas ao Plan Ferrol, que conseguiu mobilizar máis de 600 millóns de euros.

Ferrol está nunha situación difícil, claro que si, e é que dende o ano 2008 non se firmaba un contrato, pero unha vez que houbo un cambio de Goberno en España, en 2011, a situación reverteu, non suficientemente, pero hoxe podemos dicir, señora Díaz, por moito que a vostede lle pese, que hai carga de traballo. Hoxe podemos dicir que en Ferrol se está construíndo un flotel do que vostede negou e renegou. Vostede chegou a dicir en Ferrol que o flotel (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) non se ía facer e que se ían facer os dous en Vigo, e iso si que foi...

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...mentir.

Dende logo, hoxe podemos dicir que se está construíndo un flotel para Pemex en Ferrol, que se vai construír un BAM na ría de Ferrol para a Armada española, que hai un precontrato para o deseño do buque LHD para a Armada turca e o proxecto de transformación do *Monforte de Lemos*.

Hoxe hai carga de traballo, señora Díaz, insuficiente todavía para dar ocupación á plantilla principal e á plantilla auxiliar, pero dende logo estamos nunha situación diametralmente distinta da que deixou o Goberno socialista. Eu estou convencido de que se esta difícil situación do naval na ría de Ferrol a tivera que xestionar o Goberno socialista, o que habería en Ferrol sería unha nova reconversión.

Nós, desde logo, temos unha folla de ruta para o futuro da nosa comarca. Esa folla de ruta pasa polo impulso irrenunciabile do sector naval, claro que si, impulsando as potencialidades do sector de reparacións e dando ocupación a Astano, que afortunadamente dentro de pouco poderá volver a actividades, á actividade que lle negou o Partido Socialista, os seus socios.

En segundo lugar, o noso segundo eixe é a actividade portuaria. Nós apostamos polo porto exterior, ese porto exterior ao que vostedes lle queren negar o acceso ferroviario.

E en terceiro lugar, nós apostamos pola diversificación industrial, polo chan industrial, que sexa realidade, e nós apostamos, ¡claro que si!, polo saneamento da ría de Ferrol, un saneamento no que se levan investido 270 millóns de euros.

Por certo, o seu partido nesta Cámara o que pediu foi paralizar o saneamento da ría. Vostedes están en contra de Ferrol, señora Díaz, claro que si,...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a vostedes non lles preocupa Ferrol; vostedes queren pechar a planta de gas, queren pechar a central térmica das Pontes, queren paralizar o tren ao porto exterior e queren paralizar o saneamento da ría de Ferrol. A vostedes non lles preocupa Ferrol, vostedes, señora Díaz, están en contra de Ferrol, esa é a única realidade.

A señora PRESIDENTA: Señor Tellado, remate por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Para rematar, nós cremos que non hai motivos para a celebración dun Pleno extraordinario. Non é o presidente da Xunta quen debe dar explicacións da negativa da Dirección Xeral da Competencia da Unión Europea. Nós cremos que hai tempo suficiente, habe-

ría tempo suficiente para celebrar este Pleno, pero en todo caso o período de sesións reiniciábase deseguido. Polo tanto, poderemos tratar esta e calquera outra petición súa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Rolda de peche, ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, dúas aclaracións ao señor Tellado, antes de replicar a algunhas das cuestións que manifestou. Dado que empezou dicindo que o BNG hoxe se acorda do sector naval, dado que é tan amigo de repasar a hemeroteca e os diarios parlamentarios, poderá constatar que o 95 % das veces que se falou do sector naval de Ferrol no Congreso dos Deputados foi a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, estando o señor Zapatero e estando o señor Rajoy.

En segundo lugar, vostede aplica o famoso refrán de “minte, que algo queda”. Porque non hai veto. Señor Tellado, parten desa premisa falsa para xustificar a inacción, e estamos a falar dunha consulta informal e non hai unha prohibición taxativa; polo tanto, non hai veto a que se constrúa o dique flotante.

Vostede, no colmo do absurdo, o que vén dicir é que quen ten que comparecer aquí é o señor Almunia, entón eu pregunto, ¿vostedes están no Goberno?, ¿que Goberno ten que dar explicacións ante esta Cámara? Deixen de tirar balóns fóra e asuman as súas responsabilidades.

E vou dicirlle por que ten que comparecer o señor Feijóo. Primeiro, porque a construción do dique flotante en Ferrol foi un compromiso que adquiriu el ante a sociedade ferrolá, iso si, en precampaña, antes das eleccións xerais do 2011. Polo tanto, ten que dicir que fixo para que se cumprise ese compromiso, se é que o señor Feijóo algunha vez cumpre algún compromiso.

En consecuencia, este Parlamento quere saber cales foron os termos exactos da consulta, porque non nos fiamos dos termos exactos da consulta do Goberno español. Esta-

mos convencidos de que o único que fixo foi buscar unha coartada para que a Unión Europea dixese que podería contravir as normas de libre competencia.

Queremos saber se a Xunta de Galiza fixo xestións ante a Comisión Europea e cales. Queremos saber que fixo a Xunta de Galicia, porque vostede fala de que se creou unha comisión. Creo que nunca foi de tanta aplicación o famoso refrán de “se non queres que se solucione un problema, crea unha comisión”. E vostede fala de que se dotou nos orzamentos da Xunta de Galiza con 5 millóns de euros o dique flotante cando sabían que iso era fume de artificio, porque se non había dotación por parte do Goberno central non se ían executar. Polo tanto, queremos saber que fixo a Xunta de Galiza, vostede non respondeu.

E, sobre todo, queremos saber que vai facer, porque non hai un non taxativo e inamovible. Polo tanto, queremos saber que vai facer a Xunta de Galiza en vez de que se dediquen vostedes continuamente a tirar balóns fóra, a buscar atribuír as culpas a outros e a eximirse de exercer as súas responsabilidades que teñen como goberno deste país, porque son goberno; polo tanto, exerzan de goberno.

Por todas esas razóns ten que comparecer o señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, señora presidenta.

Señor Tellado, se non fora dramático o que acaba de facer vostede, é que é para tomalo realmente de coña, pola falta de respecto que vostede ten a unha comarca que está sufrindo as consecuencias das políticas do Partido Popular. É dramático, para poñerse a chorar.

Pero mire, eu tamén vou lembrarlle outra vez máis algunhas cuestións. Porque, mire, non foi co Partido Socialista –e eu non vou defender aquí o Partido Socialista– no 2005, foi cun señor que se chamaba Aznar no 2004, cando aínda nos chamabamos Izar, que por mor das axudas públicas tivemos que construír Navantia. Si, señor Tellado, consecuencia das políticas de Aznar. Non conte máis trolas nesta Comisión, porque xa estamos fartos, e por moito que

repita mil veces unha cousa, unha mentira non se vai converter en verdade por moito que sexa a súa estratexia.

En segundo lugar, se vostede di que está a favor o Partido Popular de construír o dique flotante, cesen de maneira fulminante o señor Conde, porque o que dixó foi clariño, e o que dixó é algo que se está a facer en todos os lugares da Unión Europea, que reflicte moi ben Loretta Napoleoni no seu libro –que lle recomendo novamente– *Democracia en venda*.

E é que hai decisións que son moi custosas para comarcas, que non poden tomarse preto do núcleo de decisión, como é o caso da comarca de Ferrolterra, e son estratexicamente tomadas na Unión Europea, e dá igual que governe o Partido Socialista ou o Partido Popular, porque é o mesmo. Os partidos do réxime teñen pactado este sistema económico e, dende logo, non pasa por defender o sector naval público na comarca de Ferrolterra. Señor Tellado, non nos conte máis milongas, que non tragamos, señor Tellado, ¡non tragamos!

E mire, xa por razóns democráticas, ¿sabe cando foi a única vez na que compareceu nesta Cámara dende que Alternativa Galega de Esquerda está aquí o señor Feijóo? Cando se desvelaron aquelas fotos de que tiña un amigo narcotraficante, Marcial Dorado, ¡nunca máis volveu comparecer! Semella que se non comparece para render contas... Se o teñen tan claro, se están de acordo en defender o sector naval, que mañá mesmo compareza o señor Feijóo. Se o están a facer tan ben, pois collan e pídanlle que compareza. Se Galicia non pinta nada na Unión Europea e precisan reforzo da cidadanía deste país para defender o sector naval, que compareza e que lles fale aos galegos e ás galegas pedíndolles axuda nas rúas para reivindicar xustamente isto: carga de traballo para o sector naval na comarca de Ferrolterra.

Pero a resposta é non, porque non teñen nada que vender, non hai titular que dar, señor Tellado, igual que non hai titular que dar hoxe mesmo que van impedir en Madrid a comparecencia do señor Montoro, porque tampouco hai nada que vender.

E mire, ademais hai tantas mentiras sobre esta cuestión... Primeiro –faga hemeroteca, que xa sei que a fixo–, o señor Almunia, o maldito Almunia para o Partido Popular, xa nos dixó que non era preciso formular esta consulta.

En segundo lugar, vostede sabe coma min, porque vive alí, aínda que só sexa por ver Navantia, sabe perfectamente que o dique flotante é unha ferramenta de traballo, non é unha axuda á produción, señor Tellado, non nos conten batallas,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e se están en contra realmente desa consulta informal, recorran e dígalle non á Unión Europea.

E remato xa, señora presidenta, porque é importante. En abril do vindeiro ano acaba teoricamente, volvo lembrarllo, o veto á construción civil en Navantia. Falamos claramente de Astano, ¿que vai facer na Unión Europea o señor De Guindos –e esperemos que non o señor Cañete– para defender o levantamento do veto despois de dicirnos o Partido Popular en Madrid que é suxeito de novas renegociacións? Esta é a verdade sobre o Partido Popular, señor Tellado, e isto é o que saben os ferrolterráns.

E o que é unha vergoña é que vostede, que é de alí, veña aquí facer política de pim, pam, pum, señor Tellado. Pim, pam, pum non serve xa, porque a xente pasa fame, e por razóns democráticas o que deberían de facer é convencer o seu xefe...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Yolanda.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...para que dea a cara no Parlamento galego.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos entón á votación da solicitude de convocatoria de Pleno extraordinario instada no documento número de rexistro 25856.

Votación da solicitude, por iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente co fin de que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para tramitar a comparecencia urxente do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta das actuacións que ten previsto emprender o Goberno galego para garantir a construción do dique flotante na ría de Ferrol e cumprir cos compromisos adquiridos tanto social

como institucionalmente co sector naval e coa comarca de Ferrol.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a convocatoria de Pleno extraordinario.

A señora PRESIDENTA: Esgotada a orde do día, remata a sesión.

Moitas grazas e bo día.

Remata a sesión á unha e corenta e seis minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25